




Curso “Mocidade e sexualidades: reflexións dende a práctica clínica”

DOCENTES

Sabela Bermúdez Míguez (G-4032) e Alicia Carballal Fernández (G-3097).

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

María Villarino González (G-5078).

DURACIÓN

8 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 5 de outubro de 2024.
De 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

LUGAR

Aula 4 do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

PRAZAS

30.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de psicoloxía, master ou doutoramento.....30,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....60,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....120,00€

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do Sistema Nacional de Saúde



Curso “Mocidade e sexualidades: reflexións dende a práctica clínica”

PROGRAMA


1. Mapa do territorio actual: lexislación, dispositivos de apoio e fontes de información.
2. Educación afectivo-sexual: achegándonos á comunidade. Perspectiva de xénero dende a transversalidade.
3. Escoitando a mocidade: Que nos teñen que dicir? Vivencias, mitos e retos.
4. Achegas á práctica clínica: un percorrido a través de casos clínicos.
 - a. Clínica e sexualidade: abrindo o debate.
 - b. Sexualidades saudables. Rachando cos diagnósticos dos trastornos sexuais.
5. Ferramentas útiles dentro e fóra do despacho.
6. Resumo e conclusións.

OBXECTIVOS

- Abordar diferentes temáticas de actualidade con respecto á sexualidade nos adolescentes e adultos mozos.
- Promover un espazo de reflexión acerca das sexualidades nesta poboación: medos que soemos ter como profesionais, posibles actuacións, percepción dos adolescentes e retos por acadar.
- Dar a coñecer a través de casos clínicos a demanda que soe prestarse en consulta con respecto a esta área.
- Describir a rede de apoio asistencial con respecto a esta temática e ferramentas das que podemos botar man.

METODOLOXÍA

Desenvolverase unha sesión expositiva cun achegamento teórico e práctico, expoñendo os contidos conceptuais da materia e relacionándoos con casos propoios da práctica clínica. Promoverase en todo momento a participación activa do alumnado e a creación dun espazo para a reflexión e o debate. Facilitarase materiais e referencias bibliográficas que servan como apoio ao desenvolvemento das temáticas propostas.



Curso “Mocidade e sexualidades: reflexións dende a práctica clínica”

DOCENTES

SABELA BERMÚDEZ MÍGUEZ (G-4032).

Traballa como Psicóloga Especialista en Psicoloxía Clínica no Centro de Orientación Familiar COF da área de xestión integrada en Ferrol. Dende aí desenvolve obradoiros de educación afectivo-sexual en institutos de secundaria da contorna. Previamente traballou con poboación adulta e infanto-xuvenil en distintos recursos, como en neuropsicoloxía e na Unidade de Saúde Mental. É doutorada pola Universidade de A Coruña, cunha tese sobre habilidades de comunicación empáticas, aspecto no que ten unha ampla experiencia.

ALICIA CARBALLAL FERNÁNDEZ (G-3097).

Actualmente desenvolve o seu traballo como Psicóloga Especialista en Psicoloxía Clínica na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. Previamente estivo vinculada ó Servizo de Pediatría cun proxecto de investigación no que traballou con nenos/as.

INSCRIPCIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregárase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 24 de setembro de 2024.